

Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 27 de marzo de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola extraordinaria do 27/03/2025
- II. Asistentes á Xunta de Escola extraordinaria do 27/03/2025
- III. Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Ábrese a sesión ás 14 horas, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o seguinte punto da orde do día:

➤ **Aprobación, se procede, do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

A Directora lembra que na Xunta de Escola do 23/02/2023 se nomeou unha comisión para a elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro (CEPDE). Trátase dun rexistro de calidade que recolle unha foto da situación do centro e establece as liñas estratéxicas do mesmo. Parte destas liñas xa se foron recollendo nos Informes de Revisión pola Dirección, pero se trata de complementalas con liñas de traballo a futuro e materializalo todo nun documento.

Indica que se utilizou unha ferramenta DAFO para facer unha foto do centro e a análise da situación actual. Sinala que, para completar a información dispoñible, deseñáronse unhas enquisas específicas que se achegaron aos diferentes colectivos de interese, acadándose unha moi boa participación de xeito que a información obtida resultou moi útil. A partires desta análise, e tendo en conta o marco do Plan Estratéxico da UVIGO, elaborouse o Documento CERO do programa, que foi aprobado pola CEPDE o 28/02/2025, e que estivo en exposición pública máis de 15 días. O documento achegado aos membros da Xunta de Escola é o documento final que recolle as melloras derivadas das achegas recibidas durante o período de exposición pública.

A continuación comenta a estrutura do documento, sinalando que está dividido en dúas partes, e comeza explicando, punto por punto, a primeira parte que é o programa estratéxico propiamente dito, salientando os aspectos principais.

Sobre a segunda parte do documento, indica que desenvolve con máis nivel de detalle a Política e Obxectivos de calidade do centro, incluíndo obxectivos medibles, e sinala un erro atopado nunha das meta.

Abre unha quenda de intervencións pero non hai ningún comentario salientable.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Programa de Desenvolvemento Estratéxico do centro.

A Directora sinala que o documento se publicará nos próximos días. Finalmente agradece a todos os membros da CEPDE e, de xeito especial, a Guillermo García, o traballo realizado na elaboración do documento CERO; a Eduardo Liz o seu labor de conexión coas persoas egresadas, trasladándolles á enquisa e acadando unha boa resposta; e a todas as persoas que participaron no proceso respondendo as enquisas e facendo achegas.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas e 22 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola extraordinaria do
27/03/2025

Asunto: Convocatoria extraordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o xoves, 27 de marzo de 2025.

A reunión terá lugar na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto (*) ás 13:30 horas en primeira convocatoria e ás 14:00 horas en segunda, para tratar o seguinte punto da orde do día:

- Aprobación, se procede, do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Vigo, 25 de marzo de 2025

O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) Indicacións: acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal IDLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-8a28-54c0-b8e7-9faf-69ba-d0ee-736a-14ca

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 25/03/2025 12:28 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola extraordinaria do 27/03/2025

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 27/03/2025

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Andrés Herguedas, Laura
4. Araújo Fernández, María
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Diez Ferrer, José Bienvenido
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. García Bastante, Fernando
9. García Lomba, Guillermo
10. Giráldez Pérez, Eduardo
11. Patiño Vilas, David
12. Pazo Rodríguez, María
13. Pérez Pérez, M^a Carmen
14. Rivas Brea, Teresa
15. Rodríguez Rodríguez, Ana María
16. Saavedra González, Ángeles
17. Taboada Castro, Javier

Alumnado

18. Pacini, Romina

Persoal de Administración e Servizos

19. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Parente Artime, Belén
- Pozo Antonio, José Santiago
- Vázquez Dorrión, José Benito
- Vijande López, Javier

ANEXO III

Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía